

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

LOCALIDADE: Cabanas
COMARCA: Ferrol
DATA: 24/04/2016
LUGAR DE REALIZACIÓN: Mesón de Cabanas (Local de hostalaría)

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES(no momento de maior participación) : 21
NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 8
NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: toda a militancia

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

PERSONAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local: Xosé M. Golpe Acuña

Representante Consello Nacional: Iago Varela Martínez

NÚMERO DE PERSONAS QUE INTERVIRON: 25

DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 1,7 horas

METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.):

O encontro desenrolouse nun apartado dun local de hostalaría.

A metodoloxía apartouse do clásico (palestra, discurso, etc) e virou a unha rolda onde cada un falou do que quixo.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN:(tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.)

Encontro moi positivo, pola participación en número e en calidade das intervencións.

Se ben nun principio, as intervencións foron orientadas cara o proceso que nos ocupa, a medida que pasaba o tempo, viraron máis cara a política municipal.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posíbeis)

- * Recuperar a participación en movementos sociais. Asociacións de todo tipo, plataformas, etc.
- * Mitigación do discurso esquerdista, para poder achegar outras sensibilidades á organización.
- * Mellora da estratexia de comunicación, do que somos, e do que facemos.
- * Posturas e discursos claros, sen ambigüidades, cunha soa voz, sen evidenciar publicamente as lóxicas discrepancias

CON CARÁCTER XERAL

* Protagonismo absoluto, dentro da organización, das bases, partindo das localidades.

Dentro deste protagonismo deberíase reactivar a participación das bases da organización en movementos sociais (así como na propia organización) para retomar un espazo de debate e acción, no que o nacionalismo tiña protagonismo fai anos, pero no que se foi perdendo presenza.

Vese a necesidade de que se mova o debate público, fora das redes sociais, e para iso fai falla ter lugares de encontro e reunión, de ahí a importancia de contar con presenza los movementos asociativos.

* valorase positivamente a forma de concorrencia nas pasadas eleccións xerais, nas que fomos quen de achegar e partillar con persoas e organizacións de distinta sensibilidade e ideoloxía, pero co nacionalismo como punto de encontro.

Por isto a proposta é a de non facer énfase no discurso esquerdista, que pode afastar da organización a toda esta xente.

A proposta xira enteiro a crear unha casa común do nacionalismo, onde convivan tódalas sensibilidades ao redor do eixo común, da nación galega.

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

Tecido social firme e compacto para o lado dereito, cunha soa forza política de referencia, pero moi atomizado cara a esquerda.

Semella que os que apoian ás opcións da dereita, non sofren os recortes, paro ou emigración, mais os números son claros. Aínda que o sofren, seguen apoiando electoralmente ás opcións que provocan estes efectos.

Perdese o contacto humano, polo cambio de ritmos de traballo, estudo etc, e as redes teñen un protagonismo moi grande para a xente moza, pero pola contra deixan fora unha parte moi importante da propia sociedade, que son as persoas de mediana e avanzada idade.

Os medios de comunicación teñen un protagonismo indiscutible, e netamente polarizador da sociedade.

Vemos con asombro como vocean as formas da “nova política” cando no BNG levamos anos pondo en práctica estas formas.

Porén, faise preciso unha mellor estratexia de comunicación; de difusión de logros políticos e sociais, de que a sociedade visualice o noso apoio a aquelas causas nas que tomamos posicionamento.

Partindo desta nova estratexia de comunicación, vese a necesidade de non amosar publicamente discrepancias, ou posturas encontradas. Reservando a defensa destas posturas para as asembleas.

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

Non se comentou nada ao respecto.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

Non se comentou nada ao respecto deste punto, mais parece que a meirande parte das persoas asumen que este proceso non vai mudar moitas cousas.